

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN MATERIA DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

En Santiago de Compostela, 31 de maio de 2019

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, (DOG nº 106 do 5 de xuño de 2018), actuando en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN

- . Que ambas as dúas institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito para o alumnado.
- . Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do

Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas e tamén, de *colaborar* no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas. Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade -na actualidade en fase de desenvolvemento-, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego. Este plan está concibido para converterse nun instrumento para a dinamización da lingua galega e, para garantir o seu éxito, preténdese que sexa un plan participativo, práctico e realista, no que se implique a comunidade universitaria para o que se levarán a cabo medidas dinamizadoras dirixidas ao profesorado, ao alumnado e ao persoal de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade.

- . Que, no ámbito da Administración autonómica galega, a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano a quen lle corresponden as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega e, polo tanto a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.
- . Que é vontade das dúas institucións colaborar para promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, levando a cabo as medidas necesarias cara á formación do persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, para conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela.

- . Que neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela xa no ano 1991 asinaron un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións co fin de conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario. Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade de continuar colaborando, na actualidade asínanse convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.
- . Que para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características específicas e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrência pública, xa que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por unha lei orgánica e polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración no ano 2019 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

O programa de actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2019 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

Segunda.- Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega, do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico e do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, mediante a sinatura deste convenio, a USC comprométese a levar a cabo durante o ano 2019 as seguintes accións, que se englobarán dentro das seguintes epígrafes:

1. Actividades de formación

- 4 cursos de lingua galega para non galegofalantes
- 3 cursos de habilidades comunicativas
- 1 curso de elaboración de unidades didácticas
- 1 curso de presentacións dixitais eficientes

2. Outras actividades de normalización

- Continuación das campañas de apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento
- Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos académicos en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade (Área de Ciencias da Saúde, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, Área Ciencias, Área de Enxeñaría e Arquitectura, Área de Artes e Humanidades)
- Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de grao en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade (Área de Ciencias da Saúde, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, Área Ciencias, Área de Enxeñaría e Arquitectura, Área de Artes e Humanidades)
- Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de mestrado en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade (Área de Ciencias da Saúde, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, Área Ciencias, Área de Enxeñaría e Arquitectura, Área de Artes e Humanidades)

- Dotación dun certame literario en lingua galega dirixido ao estudantado da Universidade de Santiago de Compostela
- Xornadas sobre Educación e Lingua
- *Posta en funcionamento do proxecto Esenciais USC*, consistente na edición de varias fichas de contidos básicos das materias fundamentais de diversas áreas do coñecemento

A USC comprométese a publicar e difundir debidamente os materiais científicos ou didácticos en galego obxecto deste convenio, en soporte papel e na páxina web, para poñelos á disposición dos investigadores e do público en xeral.

Terceira.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no convenio ascende a **64.000,00 €** que serán sufragados coa achega de ambas as dúas partes coa seguinte desagregación:

1. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio cunha achega total por importe de **32.000,00 €** con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. Esta cantidade destinarase ás seguintes accións desagregadas nas seguintes partidas orzamentarias:

- Cursos de formación en lingua galega: **15.500,00 €**, con cargo á partida 11.40.151A.640.2, que se destinarán ao pagamento do profesorado que imparte os cursos.
- Elaboración de material, campañas, convocatorias de premios xornadas, certame literario e Porxecto Esenciais USC: **16.500,00 €**, con cargo á partida 11.40.151A.640.0.

2 A Universidade de Santiago de Compostela achegará, a través do funcionamento do Servizo de Normalización Lingüística, (organización, asesoramento lingüístico, elaboración de materiais....) a cantidade restante de **32.000,00 €**.

A valoración das actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2019 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes verase reducida na mesma proporción.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura e Turismo e que se indica na estipulación anterior, a USC presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2019, a seguinte documentación:

- . Certificación de quen dentro da universidade sexa competente para acreditar a realización das actividades do convenio, de que se executaron as actividades previstas, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da universidade.
- . Un informe de resultados das actividades que se realizaron no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . Para control das actividades que se prevén no convenio, no caso de que se elaboren materiais, reproducións ou publicacións relacionadas coas actuacións acordadas, entregárase un exemplar das mesmas.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- . Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.

- . Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A universidade facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Sétima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, de ser o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

Oitava.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no acordo primeiro e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto deste convenio, que se constituirá con dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que nomee o seu titular, e dous representantes da USC.

Esta comisión, que presidirá un dos representantes de Política Lingüística, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos que se adopten neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décima.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística.

Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei. Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Décimo primeira.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das

partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo segunda.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Tuirismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). No presente suposto, o representante legal da USC autoriza ao director do SNL para o acceso ao contido das notificacións correspondentes.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-protecciondatos> e

<http://www.usc.es/gl/gobierno/secxeral/protecciondatos.html> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico sxt.cultura.turismo@xunta.gal e, á sede da Universidade de Santiago de Compostela (Pazo de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela) ou no seu correo electrónico reitor@usc.es. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren

lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo
Román Rodríguez González

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

ANEXO

ACHEGA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA POR IMPORTE DE 32.000,00 €

Actividades de formación

- 4 cursos de lingua galega para non galegofalantes, de 40 horas de duración cada un, para organizar nos Campus de Santiago de Compostela ou no de Lugo.

8.000,00 €

- 3 cursos de habilidades comunicativas, de 25 horas de duración cada un destinados ao estudantado da USC, para organizar no Campus de Santiago de Compostela ou de Lugo.

4.000,00 €

- 1 curso de elaboración de unidades didácticas, de 30 horas de duración, destinados ao persoal docente da USC, para organizar no Campus de Santiago de Compostela ou de Lugo.

2.000,00 €

- 1 curso de presentacións dixitais eficientes, de 30 horas de duración destinados ao persoal docente da USC, para organizar no Campus de Santiago de Compostela ou de Lugo.

1.500,00 €

Total actividades formación 15.500,00 €

Outras actividades de normalización

- Continuación das campañas de apoio á redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento.

3.000,00 €

- Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos académicos en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade, terá unha contía de 150

€ por área, máis 250 € para a edición de materiais de difusión dos premios:

1.000,00 €

1. Área de ciencias da Saúde
2. Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
3. Área Ciencias
4. Área de Enxeñaría e Arquitectura
5. Área de Artes e Humanidades

- Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de grao en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 300 € por área:

1.500,00 €

- Área de Ciencias da Saúde
- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Arte e Humanidades

Dotación dun premio á calidade lingüística dos mellores traballos de fin de mestrado en cada unha das grandes cinco áreas de coñecemento da universidade cunha contía de 500 € por área:

2.500,00 €

- Área de Ciencias da Saúde

- Área de Ciencias Sociais e Xurídicas
- Área Ciencias
- Área de Enxeñaría e Arquitectura
- Área de Arte e Humanidades

- Dotación dun certame literario en lingua galega dirixido ao estudantado da Universidade de Santiago de Compostela.

3.000,00 €

- Organización dunhas Xornadas sobre educación e lingua, a celebrar na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Santiago de Compostela

1.500,00 €

- Posta en funcionamento do proxecto *Esenciais USC*, consistente na edición de varias fichas de contidos básicos das materias fundamentais de diversas áreas de coñecemento

4.000,00 €

Total outras actividades 16.500,00 €

ACHEGA DA USC POR IMPORTE DE 32.000 EUROS:

Traballo dos Técnicos do Servizo de Normalización Lingüística (organización, asesoramento lingüístico, elaboración de materiais, etc.)

Total achega USC 32.000,00 €

TOTAL ACTIVIDADES DO CONVENIO 64.000,00 €